

# «Chegará o día no que series feitas en Galicia triunfarán en España»

O intérprete dá vida ao primeiro edil de Louredo, a localidade onde teñen lugar as tramas de «Padre Casares», a ficción máis vista polos espectadores galegos

Manuel Costoya

REDACCIÓN | Antonio Durán Morris (Vigo, 1959) interpreta en *Padre Casares* ao alcalde máis testán e bipolar de Galicia. O seu persoero ten, esta tempada, un especial protagonismo nunha serie que é a preferida polos galegos. Sete episodios desta produción de Voz Audiovisual entran entre as dez series máis vistas no que vai de ano nesta comunidade.

—Delmiro segue facendo das súas.

—Esta tempada centrouse máis nos habitantes de Louredo, e cobramos máis protagonismo os que somos do propio pobo. Delmiro, aí segue, coas súas aventuras e o seu carácter bipolar, de tanto digo si coma non. Eu penso que é un personaxe que lle cae moi ben a xente, pola resposta que teño pola rúa.

—E agora está aberto a novas tecnoloxías.

—Si. Lárgome uns rollos incribles co programa *Delmiro responde*, diante dunha cámara web. É unha idea graciosa. Abriu un espazo, que utiliza para dicir o que lle dá a gana, a medias con Josito.

—Ten similitude co que fan algúns políticos.

—Eu creo que si. Ese tipo de espazo ten que ver con Cha-



Morris no despacho de Delmiro, no plató onde se grava a serie | EDUARDO

ves. Penso que a todos os políticos lles gustaría contar cun medio de comunicación propio onde poderse dirixir, sen cortapisas de ningún tipo aos electores.

—¿Como se leva que a serie sexa a máis vista en Galicia?

—Unha das cousas boas que temos é que o equipo é moi esixente. O perigo de aco-

modarse despois de 60 capítulos non existe. Todos somos supercríticos. Hai fortes debates. Esta tempada foi un pouco máis controlada a niveis de grandes argumentos porque a serie se podería disparar. Os quince seguintes son xa máis tolos. Con este equipo, esa sensación de ir gravar e esquecerse de todo non ocorre.

—Agora hai adaptacións de «Padre Casares» en Andalucía e Baleares. ¿Tedes algunha relación cos seus actores?

—Eu son amigo e traballei co que fai de alcalde na versión de Canal Sur. Creo que tamén Telemadrid se interesou polo proxecto. Haberá que facer un encontro entre todos.

—Vai haber tamén unha versión no cine da serie.

—O proxecto está perfilándose, e supoño que se intentará facer unha comedia del tipo *Bienvenidos al norte*. Aquí hai a gran vantaxe de que o pobo de Louredo xa está construído e os persoeiros funcionan. Sairemos da vila e iremos a outras zonas e iso pode ser moi simpático, ao sacar de contexto os persoeiros. Aquí creo que vai gustar porque a historia é moi seguida. E creo que chegará o día que series feitas e que funcionan aquí, triunfarán en España, realizada por galegos e con persoeiros da terra. O noso sentido do humor e a maneira que temos de afrontar a vida chama a atención fóra e é un gran recurso, se o sabes plasmar. A gran diferenza, nestes momentos, con outras producións nacionais é o presuposto. Temos que facer as cousas en menos tempo.